

EXTRACTO DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS MEDIANTE CONCORRENCIA COMPETITIVA ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA AS ACTIVIDADES E EQUIPAMENTOS CULTURAIS PARA O ANO 2023 NO CONCELLO DE ARTEIXO.

1º) **Obxecto:** Apoiar ás entidades locais sen ánimo de lucro na creación ou mantemento de actividades, así como na dotación de equipamentos das programacións que desenvolven en materia de cultura durante o ano 2023 ata o 30 de novembro.

2º) **Beneficiarios:** Entidades legalmente constituídas. Excepcionalmente, poderán presentar solicitude de subvención para programas considerados de especial relevancia as comunidades veciñais, comités organizadores e persoas físicas que cumpran os requisitos.

3º) **Bases:** A convocatoria realízase ao abeiro das bases reguladoras para a concesión de subvencións mediante concorrência competitiva ás entidades locais para as actividades e equipamentos culturais en Arteixo publicadas no BOP nº 215, do 16 de decembro de 2020.

4º) **Contías:** As contías destinadas son os importes consignados no orzamento ordinario para o ano 2023, ascendendo a un total de 31.400,00 € con cargo á partida 334.48903 para actividades e a un total de 10.000,00 € con cargo á partida 334.78000 para equipamentos.

5º) **Criterios de valoración:** As bases reguladoras conteñen os criterios de concesión da subvención aplicables para cada caso.

6º) **Prazo de presentación:** O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais a contar dende o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) a través do BDNS.

7º) **Prazo de xustificación:** O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 30 de novembro do 2023.